



**A Agrupación Deportivo Natural de Ribadavia convoca a tódolos seus socios ó campeonato social de salmónidos mosca da tempada 2018 que se celebrará os vindeiro domingo 29 de Abril no Couto de Ribadavia (Ribadavia, Beade, Cenlle e Leiro) baixo as seguintes BASES:**

### **PARTICIPACIÓN**

- Poderán participar tódolos socios que se inscriban antes da data límite de inscrición e que estean ao corrente de pago da cuota anual de socio.
- Os catro primeiros clasificados serán os representantes do club no campeonato provincial da modalidade que terá lugar o domingo 20 de Maio en Montederramo no Couto de Montederramo (Rio Mao). A partir do 5º clasificado quedarán de reservas para substituir os clasificados en caso de que non poidan asistir.

### **ESCENARIOS E HORARIOS**

- Desenvolverase no Couto de Ribadavia: O couto estará dividido en tramos que terán unha dimensión mínima de 300 mts.
- A concentración será ás 07:45 horas no Restaurante A Quinza para efectuar o sorteo de tramos e orde de participación.
- Disputarase unha única manga pola mañá. Pescarase en 2 fases de 2 horas duración: 1ª Fase de 09:00 a 11:00 h., 2ª Fase de 11:30 a 13:30 h. Deste xeito cada pescador pescará e controlará unha fase.
- Haberá un periodo de 30 min. tras o remate da 2ª fase para que cada participante entregue a súa plica no lugar de concentración, é dicir ata as 14:00 h.
- **O día e escaerio de reserva establecido en caso de que non se poida disputar a competición no día previsto é o martes 1 de Maio no TLPSM de Pazos de Arenteiro (Rio Avia).**

### **NORMAS DE DESENROLO**

Como normas xerais seguiranse as reflectidas no Regulamento de Competicións da FEPyC, entre as que destacamos as seguintes:

- O campeonato disputarase baixo a modalidade sen morte.

Tlf.: 699 954 985 – Ctra. Do Carballiño 134, San Cristovo. 32400, Ribadavia  
[gabriel@adnpescaRibadavia.es](mailto:gabriel@adnpescaRibadavia.es) - [www.adnpescaRibadavia.es](http://www.adnpescaRibadavia.es)



- A metade dos participantes pescarán na 1ª fase sendo controlados pola outra metade según determine o sorteo. Os que controlen na 1ª fase pescarán na 2ª fase sendo controlados polos que pescaron na 1ª.
- O tramo asignado poderá ser utilizado dentro das normas habituais deportivas podendo pescar dende a beira ou dende a auga.
- Soamente se permite o uso dunha cana en acción de pesca cunha lonxitude máxima de 3,66 m.
- É obrigatorio o uso de sacadeira dunha lonxitude máxima extendida de 1,22 m. e as pezas capturadas deberán presentarse ó control dentro da mesma para que este a recolla e a mida.

### **PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN**

- Consideraranse **capturas válidas as que alcancen unha talla mínima de 17 cm. sempre medidos dende a punta da boca ata a punta da cola.**
- As capturas anotarase nas tarxetas que serán facilitadas pola organización ao efecto e serán asinadas polo pescador e polo control ao finalizar a fase de pesca. A tarxeta conta con 10 casillas nas que se ira anotando por orde a talla de cada captura en mm.
- A clasificación de cada manga realizarase por orde da puntuación obtida tras aplicar 100 puntos por peza capturada máis os correspondentes a súa lonxitude en cm. elevada ao cubo e dividida entre 100.
- A clasificación final obterase tras ordenar de maior a menor a puntuación obtida por cada participante na manga.

### **PREMIOS**

- Habera trofeos para os 3 primeiros clasificados. A entrega realizarase ás 15:45 h.

### **NOTAS**

- A comida será na Cafetería-Restaurante Josiño ás 14:15 h., para quen o desexe, pero deberá ser pagada por cada participante ao rematar.
- A inscrición dos pescadores participantes deberase realizar antes das 12:00 h. do venres 27 de Abril de 2018 e poderán facelo chamando a o móvil 699 954 985 ou por e-mail a: [gabriel@adnpescaRibadavia.es](mailto:gabriel@adnpescaRibadavia.es) . Ribadavia, 20 de Abril de 2018